

# Manuel Chamoso Lamas



CEIP Nosa Sra de Xuvencos. Boborás

# Biografía

**Naceu na Habana** (Cuba) o 17 de maio de **1909**. Con catro anos trasladase a **Moldes**, Boborás, lugar no que pasará gran parte da súa vida e desde a que organizará grandes estudos e documentacións sobre o patrimonio artístico e cultural de Galicia.

**Arqueólogo e Escritor.** Cursou o bacharelato no Instituto de Pontevedra, sendo alumno de Antón Losada Diéguez.

Estudou **Dereito e Ciencias Históricas** (Filosofía e Letras) nas universidades de Santiago de Compostela e Madrid. En 1933 doctorouse en Filosofía e Letras pola Universidade de Madrid, cidade na que exerceu a docencia como profesor do Instituto Nebrija.



Desempeñou diversos postos relacionados coa **defensa e conservación do Patrimonio Artístico Nacional**.

Durante a guerra civil organizou, ás ordes de Eugenio d'Ors, Pedro Muguruza e o Marqués de Lozoya, a Recuperación Artística e foi nomeado inspector dos Depósitos de Arte. En 1946 accedeu ao cargo de **comisario da 1ª Zona do Servizo de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional**, que comprendía as catro provincias galegas, Asturias, León e Zamora.

Desde 1967 ocupou por oposición a dirección do Museo das Peregrinaciones de Santiago de Compostela e, en virtude da reorganización da Dirección Xeral de Belas Artes, foi designado **asesor nacional de Museos**, membro do Consello Asesor Nacional do Patrimonio Artístico e conselleiro provincial do Patrimonio Artístico e Cultural da Coruña.

Foi membro da Comisión Permanente do Consello Superior de Cultura e Belas Artes, **presidente da Real Academia de Belas Artes da nosa Señora do Rosario** da Coruña durante 25 anos, numerario da Real Academia Galega e do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses; correspondente das Reais Academias de Belas Artes de San Fernando de Madrid, San Luís de Zaragoza, San Jorge de Barcelona e San Carlos de Valencia, así como da Societé Nationale deas Antiquaires de France; membro do Instituto Arqueolóxico Alemán e da Comisión Nacional do I.C.Ou.M. ( International Council of Museums).

**Fillo adoptivo** de Ribadavia, Pontevedra e Tui, cabaleiro de Compostela e **medalla de ouro** da Cidade, tamén estaba en posesión de varias condecoracións nacionais. En 1977 foi elixido membro numerario da Real Academia da Historia e en outubro deste mesmo ano tamén foi nomeado subdirector xeral do Patrimonio Artístico.

Segundo Fernando Chueca, era un home cordial, modesto e sinxelo; serio e de poucas palabras, pero de **trato amigable**.

Tiña unha conversación fluída e dominaba todos os temas, **era un erudito**.

Traballou, sen pausa, **por Galicia**, pola defensa da súa terra, pola conservación da súa arquitectura e pola divulgación da súa historia.

Pasou do centenar de publicacións entre folletos e libros. Destacou por ser **un gran mestre**, contemporáneo doutros grandes mestres como Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Taboada Chivite, Ferro Couselo e Ogando Vázquez.

Traballador incansable, amante da música, Mozart era o seu preferido, sempre estivo metido nalgún proxecto de investigación e estudo do seu entorno.

O seu traballo foi fundamentalmente de campo. Foron moitas as andainas que realizaou para chegar aos monumentos que quería estudar. Deste traballo deixou constancia nas **máis de 15000 fotografías** que realizou e que están custodiadas na Academia Galega de Belas Artes da Coruña.

**Morreu** o 24 de abril de **1985**, sendo enterrado no cemiterio de San Mamede de Moldes.



# A súa obra

## FUNDADOR DE MUSEOS

Creou e promocionou 21 museos en toda España, entre os que hai que destacar o das Peregrinacións de Compostela e o Diocesano de Ourense. Coa creación de museos, Chamoso Lamas, perseguía rescatar do esquecemento as mostras do pasado.

## ESCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

As escavacións arqueolóxicas foron unha das súas grandes paixóns. Participou en multitude de escavacións, sendo as da Catedral de Santiago e as do castelo de Ribadavia as máis importantes. Xogou tamén un papel moi importante nas escavacións da citania de San Cibrao de Las e nas do castro de Cameixa.

## CAMIÑO DE SANTIAGO.

Estudoso dos itinerarios dos peregrinos na ruta da Prata e no Camiño francés, dedicou parte da súa vida a publicitar todo o que estes camiños ofrecían: templos, albergues, mosteiros; arquitectura popular...



## EDIFICIOS RELIXIOSOS.

Fixo numerosos estudos detallados sobre diversas catedrais, templos e mosteiros: catedrais de Lugo, Ourense, e Santiago; mosteiros de Celanova, Montederramo, Sta Cristina... igrexas de San Facundo de Cea, San Mamede de Moldes; San Martiño de Cameixa, San Xes de Astureses...

## ARQUITECTURA POPULAR

Moi preocupado pola arquitectura popular, a través da súa cámara fotográfica recuperou para a historia útiles, bailes, vivendas, mobiliario, aparellos do labranza...

Destacou pola recuperación dos muiños do Arenteiro e das pontes da comarca do Carballiño.

## DEFENSOR DO PATRIMONIO


A el lle debemos boa parte da conservación do patrimonio artístico-cultural de Galicia.

## COMPLETA AS SEGUINTE FICHAS DE LECTURA


1	Naceu ...
2	Data de nacemento...
3	Estudou...
4	Con catro anos...
5	O seu primeiro traballo...
6	Destino do primeiro traballo...
7	Durante a Guerra Civil...
8	A Guerra Civil durou...
9	Concedéronlle as medallas ...
10	Nomeado fillo predilecto....

11	Era unha persoa
12	Dedicouse con paixón....
13	O seu músico favorito...
14	Gustáballe a fotografía...
15	Mestres galegos contemporáneos seus...
16	A súa obra tratou sobre...
17	Fixo estudos arqueolóxicos nas catedrais...
18	Tamén fixo traballos e estudos das igrexas...
19	Morreu...
20	Está enterrado...

**Realiza un collage con imaxes dos monumentos que foron obxecto do seu traballo e estudo.**




## **Fai unha caricatura de Manuel Chamoso Lamas**






**Debuxa unha man e en cada dedo escribe o nome dun mestre famoso contemporáneo de chamoso Lamas.**



## **Fai un cartaz con nomes relacionados Chamoso Lamas**



**Fai un debuxo dun monumento obxecto de estudo de Chamoso Lamas.**



## Sopa de letras:

ARENTEIRO, PATRIMONIO, ARQUEOLOXIA, HABANA, MOLDES, CAMEIXA, EXCAVACION, RIBADAVIA, HISTORIADOR, NEBRIJA, FOTOGRAFIA, MUSEOS, MOLDES

